

**I. DISPOSICIÓN XERAIS****XEFATURA DO ESTADO**

**13486** *Lei orgánica 6/2012, do 30 de outubro, pola que se autoriza a ratificación por España do Tratado de adhesión á Unión Europea da República de Croacia.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

Coa sinatura en Bruxelas, o 9 de decembro de 2011, do Tratado de adhesión da República de Croacia á Unión Europea, culmina un proceso negociador, iniciado no ano 2005, para a integración do dito país na Unión Europea.

De conformidade co previsto no artigo 93 da Constitución española, resulta necesario que a prestación do consentimento do Estado para ratificar o referido tratado de adhesión sexa autorizada mediante lei orgánica, tal como aconteceu con motivo da adhesión da República Checa, a República de Estonia, a República de Chipre, a República de Letonia, a República de Lituania, a República de Hungría, a República de Malta, a República de Polonia, a República de Eslovenia e a República Eslovaca ou coa posterior adhesión da República de Bulgaria e a República de Romanía á Unión Europea.

Artigo único.

Autorízase a ratificación polo Reino de España do tratado feito en Bruxelas o 9 de decembro de 2011 de adhesión á Unión Europea da República de Croacia.

Disposición derradeira única.

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumplir esta lei orgánica.

Madrid, 30 de outubro de 2012.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY